

«Outra caixa!»

A súa curiosidade medrou ao descubrir que se trataba dun cofre de madeira. Sacouno da deteriorada caixa de cartón e pousouno directamente no chan. Logo, sen pensalo dúas veces, levantoulle a tapa e...

—Ooooh!

Despois dun primeiro momento de abraio, púxolle tan contenta que ata se le escapou unha esaxerada gargallada.

Moi amodo, rescatou todo o que descubrira no seu interior. Parecéronlle regalos fabulosos cos que podería realizar auténticas sesións de maxia. Acariñounos cos dedos e comprobou como un po dourado, de ás de bolboreta, quedara adherido ás súas xemas. Colocounos sobre a bandexa que atopara, coma se fose comelos, e sentiuse poderosa.

—Que ben! Poderei practicar moreas de feitizos!

—Como se pode deter o tempo? E como o sabes, ademais? De que concertos falas? Refíreste a esa música do souto que te inventas?

—Vinos actuar! Vin a súa música!

—Desculpa, pero has de saber que a música non se ve, óese —corrixiuna.

—Non se oe soamente, séntese, vese cos ollos da alma —puntualizou.

—Ti non podes saber o que pasou hai cincuenta anos, aínda es moi nova para iso —volveu increpala Lucía.

—Dixéronmo eles esta noite! Foi o concerto máis fermoso que nunca oíra!

—Eles? Quen son eles, Alba?

—A xente era feliz aquí, a chuvia era o riso da auga ao caer na terra, a neve era a pel das fadas, a lúa era froita anacarada...

—Pareces unha poeta, pero non respondiches á pregunta! Quen son eles? Teñen algo que ver co que levas na mochila? —interrompeuna Antón.

—Supoño... —foi a inocente resposta de Alba.

Tamén a el a paciencia se lle fixera cachizas.

22. Antón ofrécelle ser fada

Alba non aclaraba nada. **A**E se é certo que a curiosidade pode matar, Antón estaba en perigo de morte. Esqueceulle ser cauto e caeu no mesmo erro que Lucía. Quixo descubrir axiña o que había na susodita bolsa, aínda que intentou aparentar naturalidade:

—Levas doces dentro?

—Non... pero... son doces! —sen propoñerse facelo, Alba mantivo a intriga.

—Son perfumes? —insistiu el no mesmo ton inocente co que intentaba disfrazar o seu desasosego e o seu enfado.

—Non... pero... ulen mellor que as rosas! —Alba non aclaraba demasiado.

—É tan importante o que levas aí como para non separarte nunca da mochila? É que a min iso non me parece normal!